

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Segundo o artigo 10 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, cal de estas funcións corresponde ao Parlamento de Galicia?:**

- A) Esixir, se é o caso, responsabilidade administrativa á Xunta e ao seu presidente
- B) Exercer a potestade administrativa da Comunidade Autónoma
- C) Controlar a acción executiva da Xunta de Galicia
- D) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais aos Deputados representantes da Comunidade Autónoma Galega

**2. Segundo o establecido no artículo 76 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, a avaliación en termos de saúde e actividade, do funcionamento do Sistema Público de Saúde de Galicia correspóndelle:**

- A) Ao Parlamento de Galicia
- B) Á Consellería de Sanidade
- C) Ao Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia
- D) Ao Servizo Galego de Saúde

**3. De conformidade co establecido no artigo 38 da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, é unha competencia exclusiva do Estado:**

- A) As relacións sanitarias entre Comunidades Autónomas
- B) Os acordos sanitarios entre Comunidades Autónomas
- C) A sanidade exterior
- D) O control sanitario de industrias, actividades e servizos, transportes, ruidos e vibracións

**4. De acordo co establecido na Constitución Española, o dereito á protección da saúde está recollido dentro de:**

- A) Os dereitos fundamentais e liberdades públicas
- B) Os principios reitores da política social e económica
- C) Os dereitos e deberes dos cidadáns
- D) As garantías das liberdades e dereitos fundamentais

**5. Cal dos seguintes é un dereito colectivo do persoal estatutario dos servizos de saúde, de acordo co establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde?:**

- A) A recibir asistencia e protección das Administracións públicas e servizos de saúde no exercicio da súa profesión ou no desempeño das súas funcións
- B) A que sexa respectada a súa dignidade e intimidade persoal no traballo e a ser tratado con corrección, consideración e respecto polos seus xefes e superiores, os seus compañeiros e os seus subordinados
- C) A dispoñer de servizos de prevención e de órganos representativos en materia de seguridade laboral
- D) Á formación continuada adecuada á función desempeñada e ao recoñecemento da súa cualificación profesional en relación ás devanditas funcións

**6. De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, o órgano colexiado asesor das Administracións Públicas na formulación das políticas de prevención e órgano de participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo é:**

- A) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo
- B) A Inspección de Traballo e Seguridade Social
- C) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo
- D) O Comité de Seguridade e Saúde no Traballo

**7. O artigo 30 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece que a toma de posesión da nova praza obtida nun concurso de traslados se a praza desempeñada e a adxudicada son de distinta área de saúde dentro do Servizo Galego de Saúde deberá efectuarse :**

- A) Dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento
- B) Dentro dos quince días hábiles seguintes ao do cesamento
- C) Dentro dos vinte días seguintes ao do cesamento
- D) Dentro do mes seguinte ao do cesamento

**8. O artigo 50 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, dispón que deberá establecerse un período de descanso durante a xornada de traballo de duración non inferior a 15 minutos:**

- A) Sempre que a duración dunha xornada exceda de cinco horas continuadas
- B) Sempre que a duración dunha xornada exceda de seis horas continuadas
- C) Sempre que a duración dunha xornada exceda de catro horas e media continuadas
- D) Sempre que a duración dunha xornada exceda de catro horas continuadas

**9. Sinala a resposta correcta, de acordo co artigo 3 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, acerca do consentimento informado:**

- A) A prestación do consentimento informado é un deber do paciente e a súa obtención un dereito do médico
- B) O paciente sempre ten dereito a negarse ao tratamento
- C) O consentimento será verbal como regra xeral, excepto unicamente no caso dunha intervención cirúrxica, que se fará por escrito
- D) O paciente ten dereito a decidir libremente, tras recibir a información adecuada, entre as opcións clínicas dispoñibles

**10. O artigo 7 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, establece que os datos de carácter persoal que fagan referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual só poderán ser recabados, tratados e cedidos cando, por razón de interese xeral:**

- A) Así o dispoña un regulamento
- B) A persoa afectada o consinta expresamente
- C) Así o dispoña unha norma con rango inferior á lei
- D) As respostas a e b son correctas

Preguntas de reserva

**1. De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, quen aprobará as normas precisas para evitar o intrusismo profesional e a mala práctica?:**

- A) O Congreso dos Deputados
- B) As Cortes Xerais
- C) O Senado
- D) O Goberno

**2. Segundo o establecido no artigo 36 da Constitución Española, quen regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos Colexios Profesionais e o exercicio das profesións tituladas?:**

- A) O Goberno
- B) Os regulamentos establecidos ao respecto
- C) O Ministerio de Xustiza
- D) A lei